

CULTURGAL 2018

SELECCIÓN ESPECÍFICA DE ESPECTÁCULOS DE PAGAMENTO

PARA OS SEGUINTE DÍAS
VENRES 30 DE NOVEMBRO, NOITE
SÁBADO 1 DE DECEMBRO, NOITE
DOMINGO 2 DE DECEMBRO, MATINAL

A organización da feira Culturgal 2018 abre convocatoria de recepción de propostas para ser programadas no Auditorio do Pazo da Cultura nas noites do venres 30, sábado 1 e na mañá do domingo 2 dentro da programación da CULTURGAL 2018.

As propostas artísticas do venres e sábado á noite serán dirixida ao público adulto e a proposta artística do domingo á maña estará dirixida ao público infantil e familiar.

Serán considerados como actos especiais da feira no que respecta á súa comunicación e difusión pública e será obrigatorio cobrar entrada cuxa recadación será íntegra para a empresa promotora en concepto de pago de cachés e gastos xerados pola organización e xestión do espectáculo.

Co fin de favorecer a calendarización de xiras e proxectos, o prazo para recepción destas propostas estará aberto durante o mes de Abril en concreto entre os días 2 e 29. A organización da Culturgal comprométese a comunicar a resolución de dita selección na primeira semana Maio. É facultade da xunta directiva da Asociación Culturgal ante as propostas recibidas, deixar algún día sen programación. Forman parte da directiva da Asociación Culturgal as asociacións profesionais máis representativas do sector: Asociación Galega de Editoras (AGE), Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Empresas Galegas Adicadas a Internet e ás Novas Tecnoloxías (Eganet), Asociación Galega de Produtoras Independentes (Agapi).

CRITERIOS DE SELECCIÓN

A directiva da Asociación Culturgal levará a cabo a selección das tres propostas, unha para o venres noite, outra para o sábado á noite e outra para a matinal do Domingo, co apoio e colaboración das entidades que forman parte da Asociación Culturgal, atendendo e dando prioridade na valoración e decisión aos seguintes criterios:

- Proxectos que teñan Culturgal como primeiro espazo de presentación. Proxectos que veñan de ser publicados ou que o vaian ser en pouco tempo. Será imprescindible que non foran presentados en Pontevedra anteriormente.



CULTURGAL
Feira das industrias culturais

Asociación CULTURGAL

CIF: G70259924 | Edificio Area Central Local 26 F, 15707 Santiago de Compostela

ANIVERSARIO

- Adecuación aos valores e obxectivos da Asociación Culturalgal, entre os que destaca a promoción e o desenvolvemento da lingua e da cultura galegas.
- Calidade do proxecto, adecuación ao contexto cultural galego e innovación na súa formulación.
- Viabilidade técnica, material e económica de acordo as premisas indicadas pola organización. Propostas economicamente sustentables co recadado na billeteira.
- Experiencia das empresas candidatas en espectáculos e outros eventos similares
- Propostas presentadas por empresas asociadas aos gremios que forman parte da Asociación Culturalgal.
- A entidade promotora comprométese a contar con stand na Feira.
- Uso de formatos de presentación singulares, non estandarizados.
- A selección de propostas das noites do venres e sábado, se é o caso, será feita tendo en conta a complementariedade das disciplinas escollidas.
- A directiva da asociación CULTURGAL terá en conta tamén un criterio de valoración artística cualitativa, que se sumará aos criterios expostos con anterioridade.

A organización da CULTURGAL 2018 ofrece:

- Xestión da venta online das entradas (se for necesario) e xestión do persoal de billeteiras e entrada.
- Espazo escénico á completa disposición o día da actuación.
- A recadación íntegra de billeteira, 752 butacas (tras impostos e pago de xestión de dereitos)
- Soportes publicitarios integrados dentro da programación previa e durante a feira.
- Excepcionalmente. Equipamento e persoal técnico acorde ás necesidades do espectáculo

A participación implica a aceptación íntegra das bases. Calquera dúbida sobre a interpretación das bases será resolta pola directiva da Asociación Cultural Culturalgal a través do correo propostas@culturalgal.com

Para presentar unha proposta que opte a ser programada nalgún destes apartados da Culturalgal débese enviar un mail a propostas@culturalgal.com, adxuntando os datos da empresa ou institución que o presenta así como un dossier do espectáculo que conteña como mínimo a seguinte información; descrición da proposta, punto do proceso de produción no que se encontra, xustificación da orixinalidade da proposta, especificacións técnicas, especificando claramente no asunto PROPOSTA VENRES OU SÁBADO NOITE ou PROPOSTA DOMINGO MATINAL.

A decisión final e os criterios valorados na selección serán comunicadas ás empresas interesadas por email.



CULTURGAL
Feira das industrias culturais

Asociación CULTURGAL

CIF: G70259924 | Edificio Area Central Local 26 F, 15707 Santiago de Compostela

ANIVERSARI 